

Poñemos en marcha o INNOV4LIFE!

Lanzamos o proxecto INNOV4LIFE en setembro de 2023 cun ambicioso obxectivo: crear unha rede transfronteiriza de Living Labs na Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal, centrada no desenvolvemento e validación de solucións dixitais no ámbito da demencia e deterioro cognitivo.

Os días 27 e 28 de novembro, Porto (Portugal) acolleu o evento para dar a voz de saída a esta viaxe. Durante a reunión do consorcio, debatemos obxectivos e actividades para os próximos tres anos e durante o resto do evento, gozamos de momentos enriquecedores de traballo en rede e intercambio de coñecementos. Os relatores destacaron a importancia da colaboración entre a cidadanía, o persoal profesional sanitario e a industria, poñendo o foco nas experiencias en Living Labs e o potencial da sanidade dixital para transformar o futuro.

Ademais disto, a finais de febreiro 2024, realizamos un segundo evento que serviu, á vez, como reunión de coordinación con todos os beneficiarios, e como *kick-off* do proxecto en España. Esta reunión promoveu o intercambio de experiencias entre emprendedores de Living Labs, e presentáronse casos de éxito en desenvolvementos tecnolóxicos relacionados co Alzheimer e outras demencias, incluídas innovadoras intervencións con Realidade Virtual Inmersiva.



Durante este primeiro semestre, o INNOV4LIFE deu pasos significativos na súa estratexia de comunicación e publicidade.



Semestral

BOLETÍN

1ª Edición

[Marzo/2024]

Poñemos en marcha o INNOV4LIFE!

Elaboramos un manual de comunicación e unha identidade gráfica propia conforme as directrices do Programa Interreg VI/VI-A España-Portugal 2021-2027, e establecemos unha presenza activa nas redes sociais LinkedIn e Facebook, publicando regularmente contido relevante sobre o proxecto, incluíndo resultados e eventos. Ademais, publicáronse periodicamente comunicados de prensa, que resultaron nunha cobertura significativa en medios de comunicación electrónicos como o diario da USC, a Lusa (Axencia Portuguesa de Noticias) e o Porto Canle. A actividade do INNOV4LIFE tamén foi recollida en canles de televisión de ambas as rexións, como nos informativos da CRTVG (Televisión de Galicia) e de TeleVigo (televisión local de Vigo), e no programa TECH 3 da canle pública portuguesa RTP3, que emitiu un vídeo promocional do proxecto dúas veces, o que aumentou aínda máis a súa visibilidade.

O consorcio tamén traballou nas fases iniciais do proxecto, realizando una avaliación comparativa ou *benchmarking* para identificar as mellores prácticas en Living Labs, mediante a análise de iniciativas centradas en saúde dixital. A partir dos resultados obtidos, elaboramos un plan de acción para posicionar o INNOV4LIFE de forma competitiva.

Ademais, trazamos o mapa do ecosistema de innovación aberta en Saúde Dixital da Eurorrexión, describindo os sectores de poboación e as institucións implicadas. Isto permitiunos identificar posibles grupos de usuarios finais e posibles clientes de INNOV4LIFE. Tamén elaboramos un plan estratéxico para captar usuarios finais e clientes. Este plan inclúe a maneira en que se realizará o recrutamento aberto e continuo.

Estamos entusiasmados cos próximos pasos e esperamos compartir máis noticias en próximas edicións.

Seguide a INNOV4LIFE nas redes sociais!



Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal

inn4life